

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/26	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	06 de xullo de 2026
Duración	Dende as 13:25 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 26.06.2026****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Concello de Silleda**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 26 de xuño de 2026.

Expediente 1930/2023. Declaración de caducidade do expediente n.º 1930/2023**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito de data 27 de novembro de 2023, presentado por D. Luís Álvarez Iglesias, con D.N.I. ***930***, con rexistro de entrada neste Concello n.º 2023-E-RC-4655, no que solicita que se leven a cabo as xestións necesarias para reparar ou demoler unha edificación sita no lugar de Eirexe, na parroquia silledense de Santo Tomé de Parada, con referencia catastral 36052S507050040000KT, cuxa fachada principal se atopa en estado ruinoso e cuberta de abundante maleza.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, D. Elías González Roma, asinado o 13 de setembro de 2024, no que, tras a inspección técnica realizada, se propón a iniciación de oficio dun expediente de ruína do inmovible en cuestión, así como a declaración da totalidade do inmovible en estado de ruína, ordenando a súa demolición, sen prexuízo da adopción das medidas de seguridade que procedan.

Visto que, mediante acordo de data 18 de setembro de 2024, se iniciou de oficio o expediente de declaración de situación legal de ruína urbanística da edificación sita no lugar de Eirexe, na parroquia de Santo Tomé de Parada, con referencia catastral 36052S507050040000KT, termo municipal de Silleda.

Visto que, de conformidade co artigo 344 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, non poderá exceder de seis meses o tempo que transcorra desde que se inicie o procedemento de ruína ata que se notifique a declaración pertinente, e que, transcorrido o dito prazo sen que se notifique resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente.

Visto que, tendo en conta que o procedemento foi iniciado mediante acordo de data 18 de setembro de 2024, o prazo máximo de seis meses para resolver e notificar rematou o 18 de marzo de 2025, sen que conste ditada e notificada resolución expresa que puxese fin ao procedemento.

Visto o informe de Secretaría con data de 01 de xullo de 2026, emitido de conformidade co artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, no que se informa favorablemente a declaración de caducidade do expediente n.º 1930/2023 e o arquivo das actuacións, sen prexuízo da posible incoación dun novo procedemento no caso de subsistiren as circunstancias que motivaron a súa tramitación.

Considerando que, de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

Considerando que, conforme ao artigo 25 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados de oficio nos que a Administración exerza potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa determina a caducidade do procedemento, debendo a resolución que declare a caducidade ordenar o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 95 da mesma Lei.

Considerando que, segundo o artigo 95 da Lei 39/2015, a caducidade non produce por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, e que, nos casos en que sexa posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non se producir a caducidade, debendo cumprimentarse en todo caso os trámites de alegacións, proposición de proba e audiencia ás persoas interesadas.

En exercicio das atribucións conferidas legalmente á titular da Alcaldía polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO. Declarar a caducidade do expediente n.º 1930/2023, relativo ao procedemento de declaración de situación legal de ruína urbanística da edificación sita no lugar de Eirexe, na parroquia de Santo Tomé de Parada, con referencia catastral 36052S507050040000KT, termo municipal de Silleda, ao terse superado o prazo máximo legalmente establecido para resolver e notificar sen que conste ditada e notificada resolución expresa.

SEGUNDO. Acordar o arquivo das actuacións do expediente n.º 1930/2023, de conformidade co disposto nos artigos 25 e 95 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 344 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO. Facer constar que a declaración de caducidade non produce por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, nin impide a incoación dun novo procedemento de declaración de ruína urbanística se subsisten as circunstancias que puidesen xustificar a dita declaración.

CUARTO. Facer constar que, no caso de iniciarse un novo expediente, poderán incorporarse a

este os actos e trámites do expediente caducado cuxo contido conserve validez, sen prexuízo da necesidade de practicar novamente os trámites de alegacións, proposición de proba e audiencia ás persoas interesadas.

QUINTO. No caso de incoarse un novo expediente, solicitar informe técnico actualizado do arquitecto municipal ou técnico competente sobre o estado actual do inmovible e sobre a persistencia, modificación ou agravación das circunstancias apreciadas nos informes anteriores.

SEXTO. Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 965/2026. Declaracións de Ruína

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos os antecedentes obrantes no expediente anterior n.º 1930/2023 e a súa caducidade por transcurso do prazo máximo legalmente establecido sen resolución expresa notificada, sen prexuízo da posibilidade de iniciar un novo procedemento cando subsistan as circunstancias apreciadas, segundo resulta neste caso do informe técnico municipal actualizado de 1 de xullo de 2026.

Visto informe técnico municipal de 13 de setembro de 2024, no que se recolle o estado de deterioro do inmovible e se propón declarar a totalidade do inmovible en estado de ruína, ordenando a súa demolición.

Visto informe técnico municipal de 1 de xullo de 2026, emitido no expediente n.º 965/2026, no que se informa que a situación de risco da edificación persiste, agravada se cabe polo transcurso do tempo.

Visto que a actuación se refire á edificación sita en Eirexe, Parada, s/n, parroquia de Santo Tomé de Parada, termo municipal de Silleda, con referencia catastral 36052S507050040000KT, e que consta documentación técnica relativa á demolición presentada por D. Enrique Ferreiro Pumeda, representado por PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP.

Considerando o disposto nos artigos 135 e 141 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 341 a 347 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, en relación co procedemento contradictorio de declaración de situación legal de ruína urbanística.

Considerando así mesmo o disposto nos artigos 21, 40, 53, 75, 82, 95 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en materia de obriga de resolver, notificación, dereitos das persoas interesadas, impulso,

audiencia, caducidade e conservación de actuacións.

Considerando que a competencia corresponde á Alcaldía ao abeiro do artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo da delegación efectuada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía de 31 de xaneiro de 2024.

Considerando, finalmente, que a situación da edificación no contorno de protección de bens catalogados e en zona de policía de canles determina a necesidade de solicitar, se resultasen preceptivos e non constasen xa emitidos, os informes ou autorizacións sectoriais procedentes en materia de patrimonio cultural e augas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Iniciar de oficio un novo expediente contradictorio para determinar a procedencia, se é o caso, da declaración de situación legal de ruína urbanística da edificación sita en Eirexe, Parada, s/n, parroquia de Santo Tomé de Parada, termo municipal de Silleda, con referencia catastral 36052S507050040000KT.

SEGUNDO. Incorporar ao expediente os informes e antecedentes do expediente 1930/2023 cuxo contido conserve validez, así como o informe técnico municipal de 1 de xullo de 2026, sen prexuízo da emisión do ditame pericial municipal que proceda tras o trámite de audiencia.

TERCEIRO. Dar audiencia por prazo dun mes á persoa propietaria, aos moradores ou ocupantes, se os houber, aos titulares de dereitos reais sobre o inmovible e a cantas persoas puidesen resultar interesadas, con posta de manifesto do expediente e traslado dos informes técnicos incorporados, para que poidan formular as alegacións e presentar os documentos, xustificacións ou informes técnicos que estimen pertinentes.

CUARTO. Por parte da propiedade se adoptarán as medidas necesarias de seguridade e conservación previstas no informe do arquitecto técnico municipal de 13 de setembro de 2024, que se adxuntará na notificación do presente acordo.

QUINTO. Solicitar, se non constasen xa emitidos e resultasen preceptivos, os informes ou autorizacións sectoriais en materia de Patrimonio Cultural e Augas de Galicia.

SEXTO. Advertir que a iniciación do presente expediente non constitúe por si mesma declaración de ruína nin habilita a demolición ata que se dite resolución expresa ou se outorgue, de ser procedente, o correspondente título habilitante urbanístico e sectorial.

Expediente 3/2026. Subvencións Entidades Culturais 2026

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións culturais do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 02 de xullo de 2026, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deporte; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 05 de febreiro de 202 (convocatoria do 24 de marzo de 2026, BOP de Pontevedra número 56), e que se transcribe a continuación:

“ACTA RECTIFICADA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2026

Detectado un erro na acta da Comisión de Valoración das Subvencións municipais para entidades culturais do Concello de Silleda correspondente ao exercicio 2026, procédese á súa rectificación, deixando sen efecto a versión anterior no que resulte afectado polo dito erro, e estendéndose a presente como versión correcta da acta.

A Comisión de Valoración das Subvencións municipais para entidades culturais do Concello de Silleda para o exercicio 2026, reunida en data 02 de xullo de 2026 e formada por:

- Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes*
- Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura, Turismo e Deportes*
- David García Lareo, funcionario municipal*

ACORDA:

PRIMEIRO: Aceptar todas as solicitudes presentadas á convocatoria, despois de revisar toda a documentación, segundo as bases publicadas no BOP de Pontevedra número 24 do 5 de febreiro de 2026 e a convocatoria das mesmas, publicada no BOP de Pontevedra número 56 do 24 de marzo de 2026.

SEGUNDO: Outorgar o reparto de subvencións a entidades culturais, en base aos criterios establecidos nas bases reguladoras, publicadas no BOP de Pontevedra en data 5 de febreiro de 2026, e tendo en conta ademais cuestións como a traxectoria e outras necesidades, propón o reparto das axudas municipais, segundo a citada convocatoria do seguinte xeito, e tendo en conta que dúas entidades superan o importe solicitado na primeira proposta de reparto, sobrando pois a cantidade a repartir (884,41 euros), decídese aplicar aos colectivos que superen os 30 puntos no reparto, valorando un maior impacto nas dinámicas culturais do municipio se propón o seguinte:

ENTIDADE	TOTAL PUNTOS	FINAL
ASOCIACIÓN CULTURAL FESTA DOS CALLOS DE ANSEMIL-MARTIXE	8	452,89 €
ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL GAITEIROS DA PEREIRIÑA	10	566,11 €

ASOC RAPARIGOS DO C.E.I.P. PLURILINGÜE DE SILLEDA	26	1.471,88 €
ASOCIACION CENTRO CULTURAL O CRUCEIRO	19	1.175,61 €
ASOC FERIA SEMANA VERDE DE GALICIA	22	1.345,44 €
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA DE SILLEDA	23	1.402,05 €
CORAL POLIFÓNICA TRADEZA DE SILLEDA	23	2.661,42 €
ASOC CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA	43	3.418,68 €
ASOCIACION CULTURAL O SON DA FERVENZA	15	849,16 €
ASOCIACION UNIDA DE PAIS AZUIS DO DEZA - AUPADEZA	16	900,00 €
CORO VALES MAHIA DA BANDA RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA	17	1.962,39 €
ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL DE REFOXOS	8	452,89 €
ASOCIACION CULTURAL ENREDOS TEATRO	17	962,39 €
ASOC SOCIO CULTURAL DE CORTEGADA	11	622,72 €
ASOCIACIÓN CULTURAL XIRANDOLA	29	2.941,72 €
ASOC MULL. RURAIS SANTA ISABEL	11	622,72 €
ANPA BRINCADEIRA	19	512,60 €
ASOCIACIÓN VECIÑOS PARROQUIA LARO	12	679,33 €

**Entidades culturais con necesidade de contar cun director de grupo de baile/coro ás que se lle engade a cantidade mensual correspondente establecida nas bases.*

TERCEIRO: Dar traslado desta acta ao servizo de Intervención para o ser preceptivo informe antes de remitir a proposta á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación."

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro do 2026 para xustificar as axudas outorgadas e da documentación necesaria para facelo.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 4/2026. Subvencións Entidades Veciñais 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a para entidades veciñais e/ou de participación social do Concello de Silleda, da sesión celebrada en data 02 de xullo de 2026, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deporte; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 05 de febreiro de 2026 (convocatoria do 24 de marzo de 2026, BOP de Pontevedra número 56), e que se transcribe a continuación:

“ACTA

A Comisión de Valoración das Subvencións municipais para entidades veciñais e/ou de participación social do Concello de Silleda para o exercicio 2026, reunida o 2 de xullo de 2026 e formada por:

- Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes
- Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura, Turismo e Deportes
- David García Lareo, funcionario municipal

ACORDA:

PRIMEIRO: Aceptar todas as solicitudes presentadas á convocatoria, despois de revisar toda a documentación, segundo as bases publicadas no BOP de Pontevedra número do 5 de febreiro de 2026 e a convocatoria das mesmas, publicada no BOP de Pontevedra número 56 do 24 de marzo de 2026.

SEGUNDO: Outorgar o reparto de subvencións a entidades veciñais e/ou de participación social, en base aos criterios establecidos nas bases reguladoras, publicadas no BOP de Pontevedra en data 5 de febreiro de 2026, e tendo en conta cuestións como a traxectoria e a continuidade declarada de máis de 25 anos, propón o reparto das axudas municipais, segundo a citada convocatoria do seguinte xeito:

ENTIDADE	TOTAL PUNTOS	CANTIDADE TOTAL
ACV AXÓUXERE DE FIESTRAS	22	881,68 €
ASOC DE VECINOS VILLAR DE TRASDEZA	21	941,60 €
ASOCIACION A COSTA,	17	681,30 €
ASOCIACION DE VECIÑOS SAN MARTIN DE NEGREIROS	20	901,53 €
ASOCIACIÓN CULTURAL COPA DO CASTRO	20	801,53 €
ASOC DE VECINOS EULALIA DE CIRA	24	1.061,83 €
ASOC VECIÑAL-CULTURAL CORTEGADA	16	641,22 €

AAVV "SAN MIGUEL DE LAMELA"	27	1.182,06 €
ANPA MUSIQUIÑOS	21	841,60 €
ASOCIACIÓN VECIÑAL SANTIAGO APOSTOL DE TABOADA	21	841,60 €
ASOCIACION VECIÑAL MANDUAS	13	520,99 €
ASOCIACION MULLERES DO MUNICIPIO DE SILLEDA	21	941,60 €
ASOC DE VECINOS DEL PUEBLO DE PARADA	19	861,45 €

TERCEIRO: Dar traslado desta acta ao servizo de Intervención para o ser preceptivo informe antes de remitir a proposta á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación."

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro do 2026 para xustificar as axudas outorgadas e da documentación necesaria para facelo.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 5/2026. Subvencions Entidades Deportivas 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións deportivas do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 02 de xullo de 2026, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deporte; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 05 de febreiro de 2026 (convocatoria do 24 de marzo de 2026, BOP de Pontevedra número 56), e que se transcribe a continuación:

"ACTA

A Comisión de Valoración das Subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Silleda para o

exercicio 2026, reunida o 2 de xullo 2026 e formada por:

- Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deporte
- Erea Viz Callejas, funcionaria do departamento de Cultura e Deporte
- David García Lareo, funcionario municipal

ACORDA:

PRIMEIRO: Aceptar todas as solicitudes presentadas á convocatoria, despois de revisar toda a documentación, segundo as bases publicadas no BOP de Pontevedra número 24 do 2 de febreiro de 2026 e a convocatoria das mesmas, publicada no BOP de Pontevedra número 56 do 24 de marzo de 2026.

SEGUNDO: Outorgar o reparto de subvencións ás entidades deportivas, en base aos criterios establecidos nas bases reguladoras, publicadas no BOP de Pontevedra en data 2 de febreiro de 2026, segundo a convocatoria propón o reparto das axudas municipais do seguinte xeito:

ENTIDADE	TOTAL PUNTOS	CANTIDADE TOTAL
CAF SILLEDA	8	767,12 €
SOCIEDADE DE CAZA, PESCA E TIRO DE SILLEDA	27	2.589,04 €
CLUBE PETANCA BANDEIRA	33	3.164,38 €
SOCIEDAD DEPORTIVA BANDEIRA CLUB DE FUTBOL	73	7.000,00 €
CLUB DE FUTBOL LAMELA	32	3.068,49 €
CLUB DE PESCA DEPORTIVA RIO DEZA	9	863,01 €
CLUB DEPORTIVO ULLA DEZA	9	863,01 €
ESCOLA DE FÚTBOL DE SILLEDA	68	6.520,55 €
RG BIKES SCOTT TEAM	17	1.630,14 €
BTT TRASDEZA	20	1.917,81 €
SPD DEZA 2019	38	3.643,84 €
SOCIEDADE DEPORTIVA C.F. SILLEDA	31	2.972,60 €

TERCEIRO: Dar traslado desta acta ao servizo de Intervención para o ser preceptivo informe antes de remitir a proposta á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, *reclamacións* á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro do 2026 para xustificar as axudas outorgadas e da documentación necesaria para facelo.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE